


# LIBROS GALEGOS


Mesmo coincidindo co 17 de maio, festa das Letras Galegas, saíron dos prelos de «Galaxia» tres novos libros, —dous deles de poemas. Compre soliar o feito de que case todas as semáns sae aos escaparates das librerías un libro novo en idioma galego. E tamén a calidad da meirande parte destes libros. Esta é a verdade de que estamos nunha primavera da nosa fala. Nomes xa consagrados e nomes de novos autores, figurán nas portadas destes libros, que forman parte da festa perpetua das letras galegas que celebrámos ontes.



UNHA NOVELA DE CASARES

«Ilustrísima», é a nova novela de Carlos Casares a terceira das que deixa agora escribiu. Nela contámos a historia dun bispo galego de comenzaos de século que sobre o dogmatismo e a intolerancia dunha curia dogmática. Pro como nos dicen os editores, máis aló da anécdota plantéanse na novela de Casares algúns dos problemas máis vivos que afectan aos homes do noso tempo: a violencia física e moral a intransixencia... Trátase dunha novela importante dun dos máis importantes escritores galegos da xeneración que comenza a publicar polos anos sesenta e dela ocupáremos en próxima ocasión. Vai agora o anuncio da sua aparición. «Xoguetes pra un tempo prohibido» e «Os escuros soños de Clio» xunto con «Ilustrísima» proban a presencia entre nos dun gran narrador dono do idioma e capaz de darnos na linguaxe que precisan as más variadas fabulacións.

POEMAS DE XOHANA TORRES




Xa temos nas mans o tan agardado libro «Estacións ao mar» de Xohana Torres. Un fermoso monilo de poemas na que a tan viva e alerta sensibilidade da autora nos agasalla cunha varia temática (cunha visión do seu mundo —da terra da infancia e da vida mesma— chea de suixerencias de fiestras novas de ensoños e da mesma melancolia do vivir. O libro, que ha de ser comentado ben máis extensamente, responde ao que todos os que coñecemos a poesía de Xohana Torres agardábamos. A vida como nostalgia pasa pola meirande parte dos seus poemas

como choiva ou camelias. Unha voz dicenos o seu mundo como música e ensoño, máis aló da vida mesma.

## A AVENTURA DE VICTOR VAQUEIRO

Neste seu segundo libro, Víctor Vaqueiro mantién o tono épico do primeiro que dou ao público. «Lideiras entre a paisaxe» Vaqueiro é un poeta das más novas xeneracións e como di Méndez Ferrín na nota limiar que lle puxo ao libro, Vaqueiro «erixese nunha sorte de restaurador do idioma como exercicio». E verdadeiramente o idioma que emprega Vaqueiro é dunha versatilidade dunha riqueza dunha precisión e muitas veces dunha maxia verdadeiramente insólita. Méndez Ferrín di que este libro «é extravagante». De feito os recursos de Vaqueiro son múltiples e van dende uso de cantigas de poemas en prosa de textos periodísticos etc. a inclusión de algún texto en castelán. Un libro que ten algo máis muito máis que novidade.

Co de Xohana Torres inician os dous unha nova colección de poesía da editorial «Galaxia» que leva por título xeral «Dombate» polo antero e soado dolmen.



## DUAS VIDAS DE LEBREIRO

Padrón, na vella Galicia, é nome expresivo, breve, claro: ten, como diría Azorín, rapidez e rotundida. As vizosas terras padronenses estiveron vinculadas dous nomes de poetas que, nas postrimerías meidieváis, acadaron sona, máis pola lenda das suas vidas que pola calidade da sua obra.

Relemos agora un interesante volume no que Carlos Martínez - Barbeito puxo ao día —hai xa anos— as pescudas sobre aquelas figuras galegas. Pra o seu autor tanto lle debe Galicia Juan Rodríguez de la Cámara como a Macías «O Namoradío». O primeiro, ademáis de escollela como retiro e sepultura, adicoule unha singular lembranza na historia de Ardaul e Lyessa. O segundo, en troques, fixolle o homenaxe de empregar a súa lingua, xa en declinio, pra escribir cantigas de amor e melancolia.

Aos dous —di Barbeito— acolléus igualmente a lenda, e pasaron á posteridade como emblemas da pasión desgraciada, e como nomes da poesía galega. Asietodo, resulta dubidoso o valor poético da obra de Macías. E, ao noso ver, non

deixa de ser abondo problemática a debéda que con Rodríguez do Padrón contraguéu Galicia.

Outra cousa é o acento lexendario misterioso, que envolve os perfis humanos de ún e más do outro. Xa Risco advertira, agudamente, que a nosa terra tivo neles, na época na que a ciencia do amor estaba vixente, duas figuras extraordinarias «neste pra nós perdido saber». Martínez - Barbeito espuxo nas suxestivas páginas do seu libro a verdadeira lección das suas biografías. Nelás tendeu a resaltar ambas figuras, cujos nomes viven infaustadamente unidos ao mundo da lenda. As historias destes dous poetas eran merecentes o estudo co que o escritor pretendeu agrandar, é decir, poñer ao seu tamaño natural a personalidade que os distinguiu.

Macías sumenos no misterio, no més celado misterio. O seu nome é representativo, sugerente: é o ainda máis o sobrenome de «O Namorado» co que pasou á posteridade. As aventuras do troveiro foron, ao longo de varios séculos, pasto de escritores e paréntesis de amadores fieles. Moi poucas vidas, como a de Macías, trasmisiron vibracións máis

románticas, máis lexendarias, á literatura. Martínez - Barbeito seguió o rastro da súa sona a través das letras ibéricas. Descubriu aquelas visións dos seus contemporáneos que o traducían como dooroso espeiro, referiu despois a interpretacións máis equilibrada, de mellor serenidade, que, na literatura castellana, fixeron Lope de Vega e Calderón de la Barca. Trátase do formento do romanticismo que ha chegar máis tarde, e que en Larra atopou concreta fórmula. Macías permanece ahí, coa sua verdade histórica impenetrable, pero ofrecéndonos sempre o tremendo misterio da súa dooroña lenda.

Pra o escritor, Juan Rodríguez de la Cámara foi, pola súa banda, un dos máis intensos e apaixonados poetas dos Cancioneiros: e foi, sobre todo, un dos máis brillantes prosistas do século XV. Nos seus «Sieite Gozos de Amor», e en «Los Mandamientos de Amor», quedou o acento das suas cancións. No entanto, o análisis máis detido do libro do que falamos, proxéctase na súa producción en rosa, Martínez - Barbeito ofrecelle ao leitor inxeniosas interpretacións de «El Siervo Libre de Amor», buscando paralelo con

elementos da epopeia xacobea. Cando identifica a montaña Crystallina co Pico Sacro, na referencia de Rodríguez do Padrón, Barbeito apunta sagazmente a un punto ateigado de suxestións.

O novelista coruñés realizou o seu labor biobibliográfico con agraciamiento. Nos documentados lindereiros que encadrán a obra, contribuiu á necesaria consideración que os dous infelices amadores reclaman na sua humanidade total. O seu acerto consistiu en vencellar a pesada sobre unhas figuras perdidas na brétema da lenda. Así, xunto ás referencias ambientais e históricas indispensables, recolléu a realidade da obra, pra que as figuras estudas aparezan retratadas cos seus rasgos definitorios.

Neste libro coñécese o que pode sabérse sobre Macías «O Namorado» e Xoán Rodríguez do Padrón. Ambos e dous, en pleno de decadencia, pecharon o ciclo da nosa poesía medieval. Os dous, sofridos amadores, atopáronse xunguidos por semellante sino romántico. Delo deu boa fe, con erudición e gracia literaria, hai xa anos, Carlos Martínez - Barbeito.

COSME BARREIROS

## A FESTA DA MORTA

Ao noso ver, a obra maestra do poeta catalán Salvador Espriu no campo da creación lírica, é a que leva por título «Mrs. Death». Parécenos que se trata da producción máis ambiciosa do seu talento de poeta, na que tencionou concentrar un fondo simbolismo metafísico arredor da idea da morte. Como sinalou o propio autor nas palabras limiares da obra, «Mrs. Death» é un libro complexo, quezás difícil, teimando na meditación da morte.

A primeira parte —inda que non escrita en forma dialogada— posee verdadeira estrutura escénica: responde a unha clara concepción dramática moi achegada á do esperpento ou o guignol. O desenvolvemento da representación sobre o taboadado da farsa claramente indicado no prólogo —non obedece a unha trama argumental precisa. Limitase á presentación dos diferentes personaxes que interveñen no minúsculo teatro de polichinelas.

En realidade, Salvador Espriu incide unha vez máis no vello tema estoico da vida - comedia; porque os tristes bonecos do guignol que desfilan como esperpentos grotescos nesta garsa tráxica presidi-

## POEMA

### AO FINAL DE SETEMBRO

Mudan as arbes  
e invocan a paz ao final de setembro.  
Dilata a noite  
un recendo de néveda,  
o contorno dos racimos maduros,  
o reino das mils sombras  
cuio reló astral non mide o tempo.

Na seguinte estacion  
cando aparez o vento e o barre todo.  
¡que válido siñal!  
ise instante tan só  
cando ti e mís eu  
atopamos os pasos!

XOHANA TORRES  
—De «Estacións ao mar»

da pola Morte, son os homes mesmos, tristes bonecos da comedia humana.

A alegoria barroca do gran teatro do mundo atinxiu aquí a sua meirande versión pesimista e tráxica; porque a sátira non se endereita contra a vaideade das pompas humanas, senón contra a mesma condición humana. Os personaxes da farsa non son aquí máis que bonecos valeiros e sin vida, a quenes moven outras mans que animan voces falsas e finixidas. A sua fugaz aparición sobre o taboadado da farsa —falando unhas veces por sí mesmos e outras por boca da Morte— ofrece-nos un dos máis acres retábulos satíricos que produciu a poesía española contemporánea.

De certo, Espriu adoita nesta primeira parte unha actitude de asañoamento feroz co espectáculo de abxeción e vaciedade moral dunha humanidade condenada; unha humanidade tan soio capaz de enxendar a inxusticia e o odio. O tránsito desta actitude satírica á comprensión do sofrimento e da dó, sinala o retorno á mais pura inspiración lírica que desemboca na reclusión do poeta na sua intimidade de doorida; momento que marca a máis alta cima poética da súa obra. A fusión dunha sensibilidade refinada e dunha intelixencia creadora, orixinou o prodígio lírico dos doce derradeiros poemas deste libro.

Espriu é un artista puro cuio dominio idiomático permitelle atopar sempre a axeitada correspondencia entre o conceito e a expresión, clausurando no breve laberinto do poema todo un mundo de pasión sofrida. Pero posee, tamén, o secreto indescifrable de temperar o verso como un arco, ate adelgazalo como unha corda tensa, sempre presta a se disparar como impulsada por unha forza interior.

A maestría coa que Salvador Espriu manexa o ritmo do poema e a melodía do verso, reveláno en posesión dun indiscutible xenio de poeta. Un poeta capaz de modelar, baixo unha forma bela, o mesto contido espiritual e humano. Esto bótase de ver, nidiamente, na que, pra nós, é a más importante das súas obras: unha obra que, ao mesmo tempo, resulta unha das más profundas creacións da poesía catalana contemporánea.

SALVADOR LORENZANA